

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 30 de abril de 2018 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"7.- Estudio de detalle no Parque Empresarial de Bértoa, rúa Madeira, parcela E4.1E3. Aprobación definitiva. (CIPUM de 24/04/2018).

Sen debate e sometido o asunto a votación, con dúas (2) abstencións, dos concelleiros pertencentes ó Grupo político municipal do PSdG-PSOE, e dezasete (17) votos a favor, dos concelleiros presentes pertencentes ós grupos municipais de BNG (10), PP (5) e TEGA (2), superior á maioría absoluta do seu número legal de membros (21), o Pleno Municipal acorda:

Primeiro.- *Aprobar definitivamente o estudo de detalle promovido pola entidade Casas Cube, SL coa finalidade de ordenar os volumes, completar ou reaxustar as rasantes e concretar as condicións de composición da edificación na parcela E4.1-E3 da rúa Madeira do Parque Empresarial de Bértoa de Carballo, segundo a documentación técnica presentada o 19/10/2017, núm. de rexistro de entrada 201790000002584, completada o 25/10/2017, núm. de rexistro de entrada 201790000002656, asinada polo arquitecto Eduardo Barrón del Pozo (Col. 8088 COAM), afectando directamente á parcela catastral 6280506NH2868S0001EJ.*

Segundo.- *Comunicar o presente acordo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e remitirille un exemplar do estudo de detalle en soporte de papel e outro en soporte dixital, debidamente dilixenciados, aos efectos da súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.*

Terceiro.- *Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, sinalando a referencia ao enderezo electrónico no que figurará o contido deste estudo de detalle á disposición do público."*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde